

ACORDO DA SECRETARÍA XERAL DA LINGUA POLO QUE SE MODIFICA A PROGRAMACIÓN DE CURSOS CELGA PRESENCIAIS E EN LIÑA

O Diario Oficial de Galicia número 26, de 07.02.2025, publica a resolución desta secretaría de 31.01.2025 pola que se anuncia, con carácter voluntario e gratuíto, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 2, Celga 3 e Celga 4.

O punto cuarto, apartado 1, da resolución establece que:

Todos os cursos terán un número mínimo de 15 participantes e un número de máximo de 35.

A Secretaría Xeral da Lingua poderá autorizar expresamente a realización de cursos que non acaden o número mínimo de participantes ou aumentar o número de edicións dun curso ou cursos que teñan unha demanda moi superior ao número máximo de participantes. Así mesmo, por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, poderá converter un curso presencial nun curso en liña.

No Anexo I, programación de cursos Celga presenciais, figuran entre outros os cursos Celga 2 Lugo, Celga 2 Ourense, Celga 2 Pontevedra e Celga 2 Vigo. Estes cursos non acadan o número mínimo de 15 participantes polo que esta secretaría ACORDA a súa anulación.

As solicitudes destes cursos pasarán a formar parte das listaxes de persoas participantes nos cursos Celga 4 Lugo, Celga 4 Ourense, Celga 4 Pontevedra e Celga 4 Vigo, respectivamente.

Así mesmo, esta secretaría ACORDA a conversión dos catro cursos anulados en cursos en liña, en concreto, unha nova edición do curso Celga 2 en liña e tres novas edicións do curso Celga 4 en liña.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Lingua

Valentín García Gómez

